



Concello de
Ribadumia

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a axuda concedida pola Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión extraordinaria de 12/07/2019, ao Concello de Ribadumia, como entidade colaboradora do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra "O teu primeiro emprego", para a contratación laboral temporal, a xornada completa, na modalidade de contrato en prácticas, por espazo de seis meses, prorrogables por outros seis meses, de:

- Un/ha traballadora co título de Mestre/a grao en educación infantil

Segundo o disposto nas bases do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra "O teu primeiro emprego" (BOP nº 92 de 15/05/2019), os traballadores/as haberían de estar inscritos/as como desempregados/as ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego e o Concello debería formular oferta de emprego ante a oficina de emprego para a preselección por esta dun máximo de cinco aspirantes por cada posto ofertado.

Tendo en conta, así mesmo, que as bases do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra "O teu primeiro emprego" (BOP nº 92 de 15/05/2019) establecen de xeito taxado os requisitos dos/as aspirantes, así como os criterios de selección dos/as aspirantes preseleccionados/as polo Servizo Público e Emprego.

Vista a preselección (Nº de oferta 12-2019-10542) levada a cabo polo Servizo Público de Emprego, pola que foron remitidas persoas cinco candidatas ao Concello de Ribadumia, e dado **que unha das persoas preseleccionadas polo Servizo Público de Emprego non presentou no rexistro municipal solicitude de participación no proceso selectivo**, segundo o establecido nas bases e na notificación que lles foi remitida polo Servizo Público de Emprego.

Por canto antecede, esta Alcaldía nas competencias que ten atribuídas polo artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia co artigo 41.14 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e de acordo co establecido nas bases do proceso selectivo,



Concello de
Ribadumia

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos en dito proceso selectivo:

Aspirantes provisionalmente admitidos:

Esperón Beloso, Estefanía

Mochales Solla, Adriana

Oubiña Mouriño, Laura

Piñeiro Chaves, María Eudisia

Aspirantes provisionalmente excluídos e motivos

Paredes Martínez, Iria: por non ter presentada solicitude de participación no proceso selectivo.

SEGUNDO.- Expoñer a lista dos aspirantes provisionalmente admitidos e excluídos no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na web municipal.

TERCEIRO.- Convocar aos membros do tribunal para a súa constitución e valoración dos méritos alegados polas aspirantes o vindeiro xoves día 5 de setembro de 2019 as 12:30 horas na casa do Concello de Ribadumia. As baremacións obtidas, publicarase no Taboleiro de Edictos da Corporación e na web municipal.

Manda e asina, en Ribadumia, o Sr. Alcalde David J. Castro Mougán, ante min a secretaria-interventora M^a Dolores Franco Mateo, que dou fe.